



ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Curso académico 24-25

O Departamento de Lingua e Literatura ponse á disposición do alumnado coa materia pendente a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira. O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

Daráselle ao alumnado a posibilidade de optar pola entrega dun boletín de actividades en cada trimestre ou ben a realización dunha proba de avaliación global-final, que realizarán no mes de abril, alumando de 2º bacharelato, e no mes de maio, o alumando da ESO. O resultado figurará no Boletín de Cualificacións.

A entrega dos boletíns de traballo por parte do alumnado, deberá realizarse, como data límite, nas seguintes:

- O primeiro boletín de traballo: día 22 de novembro
Alumnado da ESO: contidos dos temas 1 a 3
Alumnado 2º bacharelato: contidos dos temas 1 a 5
- O segundo boletín de traballo: día 17 febreiro
Alumnado da ESO: contidos dos temas 4 a 6
Alumnado 2º de Bacharelato: contidos dos temas 6 a 10
- O terceiro boletín de traballo: día 11 de abril
Alumnado da ESO: contidos dos temas 7 a 9
Alumnado 2º Bacharelato: contidos dos temas 10 a 15

Aquel alumnado que non cumpra coas entregas dos cadernos de traballo, ou a súa achega sexa insuficiente, deberá presentarse, no mes de abril (alumnado 2º bacharelato) ou maio (alumnado ESO), ao exame final global da materia pendente. As datas dos exames globais-finais están pendentes de confirmación por parte de Xefatura de estudos.

Coa finalidade de facilitar a continuidade no sistema educativo e o progreso no estudo, considérase que o alumnado que cumpra os **estándares de aprendizaxe avaliábles imprescindibles** nestas datas, non teña que agardar máis e poida dedicarse a preparar as materias do curso actual. Tamén se terá en conta o **esforzo** na superación da materia pendente e o **progreso** da mesma materia no curso no que a/o alumna/o estea matriculada/o.

Os libros de texto que teremos como referencia para avaliar os contidos da materia pendente os seguintes:

NIVEL	TÍTULO	AUTORÍA	EDITORIAL	ISBN	ANO
ESO 1º	Lingua galega e Literatura 1 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-0512-6	2022
ESO 2º	Lingua galega e Literatura 2 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-2479-0	2023
ESO 3º	Lingua galega e Literatura 3 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-0516-4	2022
ESO 4º	Lingua galega e Literatura 4 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-2483-7	2023
BAC 1º	Lingua galega e Literatura 1 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-1108-0	2022
BAC 2º	Lingua galega e Literatura 2 Operación mundo	VV.AA.	Anaya	978-84-143-2953-5	2023

O Departamento entregarlle ao alumnado coa materia pendente, en setembro, a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.
- Actividades de pendentes, boletíns coas actividades.
- Xustificante da recepción que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:



DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso académico 2024-2025

O/A alumno/a _____ coa(s)
materia(s) pendente(s) de _____ (nivel/ niveis) foi informado/a pola súa profesora actual
_____, sobre os requisitos
para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Coruña, _____ de _____ de 2024

XUSTIFICANTE DA RECEPCIÓN

O _____ pai/nai/ _____ titor/a _____ legal _____ do
alumno/a _____ coñece
os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Coruña, _____ de _____ de 2024